ROCK RIVER LABORATORY SPAIN
MARIA HERMIDA

En vídeo



# MARÍA HERMIDA PONSE Á FRONTE DO LABORATORIO ROCK RIVER EN ESPAÑA

**A exxefa de servizo da Finca Mouriscade (Deputación de Pontevedra) inicia unha nova etapa profesional ao chegar a un acordo de colaboración co laboratorio americano Rock River para o desenvolvemento da súa actividade en exclusiva para toda España.**

**Con sede en Wisconsin (EE. UU.), Rock River conta cunha potente rede de laboratorios especializados na análise agrícola por todo o mundo.**

María Hermida continuará exercendo o seu labor profesional no ámbito que mellor coñece, o da análise de ensilados e forraxes, pero a partir de agora farao coa nova metodoloxía do Rock River Laboratory Spain.



## Que achegan as analíticas de Rock River?

- **AXILIDADE**
  Para darlles resposta ás demandas do sector, que pide máis rapidez na obtención de resultados.
  Unha vez procesada a mostra e analizada no NIR, o sistema xera un informe nun tempo medio de 10 minutos.
- **ANÁLISE DA DIXESTIBILIDADE DAS FIBRAS E DO AMIDÓN**
  María Hermida: "É algo que os técnicos empezan a demandar para sacar un maior proveito das forraxes, coa consecuente mellora económica das explotacións e un maior benestar dos animais".
- **CONFIANZA**
  Baseada nun potente equipo de profesionais e na colaboración con prestixiosas universidades, como a de Wisconsin ou a de California, para o desenvolvemento de traballos de investigación dos que se desprenden as ecuacións de análise coas que traballan.

**Especialistas na análise de:**

- Ensilados de pradeira, millo e cereais (trigo, cebada, sorgo...)
- Forraxes deshidratadas (todo tipo de feos, leguminosas, alfalfa...)
- Forraxes húmidas (*pastone*, bagazo de cervexa...)

**Análises que se adaptan ás súas necesidades:**

- **Análise tradicional** dos parámetros máis habituais (materia seca, fibras, proteínas...)
- **Análise completa,** que inclúe a dixestibilidade en distintos períodos de tempo da fibra neutra e do amidón (no caso dun silo de millo, por exemplo)


**ROCK RIVER LABORATORY SPAIN**
**María Hermida**
Polígono Industrial Lalín 2000, Parcela A8
Lalín – Pontevedra (España)
maria@rockriverlab-spain.com
986 597 195 | 629 901 290